

XERENTE ÁREA SANITARIA DE STGO.

DIRECTORA RR.HH ÁREA SANITARIA STGO.



DIRECTORA DE ENFERMARÍA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2020

Os/as delegados/as abaixo asinantes, en representación da organización sindical **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE SAÚDE COMPOSTELA**, con enderezo a efectos de notificación en sección sindical CIG -Saúde, hospital Clínico, Santiago de Compostela.

CIG-Saúde quere poñer de manifesto que, a estas alturas da evolución da pandemia de COVID-19, non debería haber dúbidas entre as e os profesionais sobre o uso de máscaras e outros EPIs no ámbito sanitario.

CIG-Saúde defende que é a evidencia científica e o principio de precaución quen debe indicar o seu uso. É responsabilidade da Administración garantir a dispoñibilidade de máscaras e EPIs en función destas indicacións. Para CIG-Saúde xa tiveron tempo dabondo para facelo.

CIG-Saúde entende que: as e os profesionais, de calquera categoría ou ámbito (Área sanitaria de Santiago, incluído os servizos externalizados ou privatizados), que traballen nun centro sanitario deben usar **MÁSCARA CIRÚRXICA** cando precisen achegarse a menos de 2 metros de outros compañeiros de traballo ou de calquera paciente, aínda que non presenten clínica de posible infección respiratoria aguda. A Administración sanitaria ten a responsabilidade de por máscaras cirúrxicas a disposición de todas as traballadoras e traballadores.

Polo que CIG-Saúde **SOLICITA** da Administración sanitaria que garanta a aplicación destas recomendacións mínimas, tanto con protocolos e formación axeitada como garantindo a dispoñibilidade de máscaras e outros EPIs.

Atentamente



Xosé Manuel Marcote Baña



Xabier Alvedro Alvarez